

# **ACHEGAS PARA O MAPA DAS TELEVISIÓNS LOCAIS EN GALICIA 2000-2002**

Comunicación das III Xornadas de Comunicación e Cultura Contemporáneas: As  
Televisións Locais en Europa. Proximidade, Programación e Políticas de  
Comunicación

Autores:

**BERTA GARCÍA OROSA**

**SILVIA LÓPEZ BEN**

**XOSÉ LÓPEZ GARCÍA**



**CONSELLO DA  
CULTURA GALEGA**

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN  
ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

## INTRODUCCIÓN

O arquivo de medios audiovisuais forma parte dun proxecto global desenvolvido polo Arquivo de Comunicación de Galicia, dentro do Consello da Cultura Galega. Os resultados presentados nesta ponencia son froito da investigación que naceu hai dous anos co obxectivo de deseñar un mapa dos medios de comunicación de Galicia. Con esta fin deseñáronse diferentes bases de datos en función do soporte para a recollida de información sobre os medios impresos, audiovisuais e electrónicos activos actualmente na nosa comunidade autónoma.

Os cometidos do Arquivo de Medios de Comunicación de Galicia, unha das liñas de investigación que afronta na actualidade o Consello da Cultura Galega, son elaborar unha base de datos de todas as publicacións periódicas, medios audiovisuais e electrónicos que se están a editar neste momento en Galicia, a súa difusión en soporte papel e na rede para que estea ó alcance de todas aquelas persoas interesadas na súa consulta e o depósito dos exemplares na biblioteca do propio Consello.

## METODOLOXÍA

A primeira fase do estudio consistiu na elaboración dunha base de datos de medios impresos a partir de diferentes técnicas de recollida de datos e fontes de información (Bibliotecas, Depósito legal, enquisa, base de datos na rede...). Trala conclusión desta primeira parte da investigación, os membros do Arquivo iniciamos a realización dun rexistro e catalogación dos medios audiovisuais que funcionan actualmente en Galicia. O primeiro paso foi elaborar un censo que incluíse a tódolos medios audiovisuais con sé en Galicia. A continuación elaboramos un cuestionario axustado ás características específicas dos soportes audiovisuais<sup>1</sup> –radio e televisión-. Neste caso, ademais dos datos xerais solicitados a todos os medios (endereço, nome...) interesábanos coñecer as características da súa programación, equipamentos e estrutura empresarial.

O envío do cuestionario foi remitido a un total de 139 radios e televisións, das cales 59 eran delegacións de radios nacionais, 34 radios locais, 18 delegacións de televisións e 33 televisións locais. O primeiro contacto cos responsables das televisións locais realizouse por correo ordinario, obtendo un baixísimo índice de resposta (5,36%), o que nos obrigou a optar por novas vías de comunicación. Reiteradas chamadas telefónicas e, nalgún caso, reenvío da enquisa por correo electrónico, conseguindo incrementala porcentaxe de resposta ata un 11,5%.

Actualmente aínda estamos a recibir as contestacións a estes envíos ao mesmo tempo que imos introducindo os datos das empresas que nos remiten na base de datos creada para tal efecto.

---

<sup>1</sup> Incluído no anexo 1 desta ponencia.

No ámbito das televisións locais obtivemos un índice de resposta do 27,27%. Polo momento, respostaron ó noso cuestionario: Localia Santiago, Localia Ferrol, Localia Pontevedra, Localia Coruña, Localia Vigo, Localia Telulugo, Televigo La 7, Radio Televisión Municipal de Pontearreas e As Mariñas TV.

### **ALGÚNS DATOS**

As tendencias rexistradas durante os últimos anos no eido das televisións locais en Galicia, sinalan ó cambio de propiedade –especialmente a concentración nun gran grupo de comunicación- e o descenso do número de emisoras activas. Actualmente existen 33 televisións de ámbito local, 5 menos que no 1995<sup>2</sup> e 4 menos que en 2001. Dende 1995 desapareceron Televisión de Tui, TeleValMiñor, Televisión de Monterroso, Lugovisión, Televisión de Melide e Onda liña televisión. Un dos fitos relevantes neste período foi o incremento da presenza no mercado local de Galicia de Pretesa e a constitución de UTEGA<sup>3</sup>, a que pertencen actualmente Localia Pontevedra, Localia Compostela, Localia Ferrol, Localia Coruña e Localia Vigo. Todas elas teñen un convenio de colaboración con Pretesa, igual que Telulugo, propiedade de Blanca García Montenegro e José de Cora. Naceron Ourense Telemiño, Televinte Chantada, Ribeira Sacra e Canal Deza.

Destas canles, seis son de propiedade municipal (21,4%) e as restantes vintedúas de propiedade privada local ou pertencentes ó grupo Localia TV. Das nove emisoras das que obtivemos resposta ó noso cuestionario (un 28,5%), soamente unha delas é de propiedade pública, 2 de propiedade privada local e as outras seis pertencen ó grupo Localia.


### **FINANCIAMENTO**

Na maioría dos casos, as empresas de titularidade pública fináncianse nun 50% a través dos presupostos municipais e un 50% a través de publicidade. Pola contra, as de propiedade privada obteñen o 100% dos seus financiamentos a través da publicidade, mentras que unha porcentaxe ínfima se obtén a partir de aluguer ou venda dos seus equipos ou produtos (1% en Televigo La 7 e un 10% en Telulugo).

---


<sup>2</sup> ROMAN PORTAS, Mercedes, "Televisións locais de Galicia"

<sup>3</sup> UTEGA: SER 34%, Prisa 25%, Banco Pastor 11%, Augas de Coruña 5%, Europa TV 1,2%, Xavier Otero 3%, Prensa Ibérica 20% e La Opinión 5%.



Fonte: elaboración propia

O volume medio de negocio anual ascende a 257.456 euros. Sen embargo se excluimos as dúas emisoras que destacan polo seu elevado presuposto –TeleVigo La 7 e Local Telelugo-, a media reduciríase a 87.784 euros.



Fonte: elaboración propia

#### EQUIPAMENTOS

No tocante ó número de traballadores segue a destacar TeleVigo, con 34 traballadores, mentras que a media das outras emisoras é de 13 traballadores, na maioría cámaras e redactores. Destaca Localia Santiago con 23, Localia Telelugo

con 20 traballadores e a televisión municipal de Ponteareas con 16. A maioría dos traballadores son redactores (unha media de 7 por emisora –en moitas ocasións con traballo de cámara tamén-) e cámaras –6-, non existe a figura do montador na maioría delas –0,6%-, técnicos de son – 0,7%-, técnicos de iluminación –soamente en dous casos-, locutores e presentadores –1,3%-, administrativo –1,2%-, comerciais –1,5%-, realizadores –2,1%-, produtores –1,5%-. Como consecuencia, debuxamos a figura dun profesional polivalente nas emisoras de televisión local que ten que desenvolver o labor de cámara, editor e redactor-presentador.

En relación cos equipamentos teñen unha media de 5,1 ordenadores, 3 cámaras, 0,5 equipos de son, 2, 8 equipos de edición. Na maioría dos casos –4 – alugan material de gravación ou de edición –mesmo contratan o servizos de produtoras que fan o traballo completo de cobertura de acontecementos...- a cotío. Isto reafirma a hipótese da escaseza de medios materiais e humanos.

Este dato contrasta coa porcentaxe de produción propia que afirman realizar (unha media dun 60%), segundo o *Censo de televisións locais* editado pola Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación (AIMC) do Estudio General de Medios (EGM) en outubro de 2002. As emisoras do grupo Canal 47<sup>4</sup> (Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo) e determinadas televisións municipais (Tele Miño, Televisión Municipal das Pontes e Canal 50 Televisión Local Guardesa) afirman realizar o cento por cento da súa programación, aínda que no caso do Grupo Canal 47 non existe unha programación específica para Galicia, senón que reemiten os contidos comúns das emisoras principais do grupo.

### **NOVAS TECNOLOXÍAS**

A introducción das novas tecnoloxías no eido da televisión local é puntual e desigual nas diferentes emisoras. Soamente once están presentes en Internet (un 33%), pero todas afirman empregar o correo electrónico como vía de contacto co exterior –afirmación comprobada pola súa elección deste medio como vía de contacto co Arquivo-.

### **LOCALIZACIÓN E ÁREA DE DIFUSIÓN**


A maioría se concentran nas provincias de Coruña e Pontevedra –37% en Coruña, 30% en Pontevedra, 10% en Lugo, 15 % na provincia de Ourense-. As localidades máis importantes cuantitativamente –agás Santiago, Vigo e Coruña que concentran as delegacións das principais cadeas- son Ourense (4) e Vigo (3), e numerosas cidades teñen dúas: Coruña, Santiago, Pontevedra, Ferrol, Monforte.

---

<sup>4</sup> O Grupo Canal 47 está composto por 43 emisoras distribuídas por todo o territorio español. Ten a súa orixe na provincia de Sevilla, onde conta con 6 canles. As sinais de dúas destas canles son distribuídas vía satélite e son recollidas por 26 e 11 emisoras respectivamente que, á súa vez, as reemiten na súa zona de cobertura. Algunhas destas televisións contan cunha con programación exclusiva a determinadas horas do día e planéase que nun futuro todas conten cunha parte propia.

Os concellos que posúen televisión local de seu son na provincia de A Coruña: Santiago, Ferrol, Coruña, As Pontes, Cerceda, Ames. En Pontevedra: Pontevedra, Vigo, Pontearreas, Marín, A Guarda, Lalín, Ribadumia. En Ourense: Ourense, Carballiño, Arnoia. En Lugo: Lugo, Monforte, Quiroga, Chantada. É chamativo o feito de que 4 concellos con menos de 10.000 habitantes teñan televisión local (Arnoia, Cerceda, Quiroga e Chantada) e, nembargantes, o 76,19% (32 de 42) concellos con poboación superior a esa cifra non teñan.

**Distribución das televisións locais por provincias**



Fonte: elaboración propia

Fonte: elaboración propia

Provincia de A Coruña		Provincia de Pontevedra	
Televisión	Localidade	Televisión	Localidade
As Mariñas TV	A Coruña	Galvisión	A Guarda
Localia Coruña	A Coruña	Tele Baixo Miño	A Guarda
Telecoruña	A Coruña	Canal Deza TV	Lalín
Televisión local de Ames	Ames	Galvisión Marín	Marín
TV6 As Pontes	As Pontes	RTVmunicipal de Ponteareas	Ponteareas
RTV Cerceda	Cerceda	Localia Pontevedra	Pontevedra
Ferrol TV Canal 31	Ferrol	Canal47 Pontevedra	Pontevedra
Localia Ferrol	Ferrol	Televigo	Vigo
Telesalnés	Ribadumia	Localia Vigo	Vigo
Localia Santiago	Santiago	Local 47 Vigo	Vigo
Canal 47 Santiago	Santiago		

Provincia de Ourense		Provincia de Lugo	
Televisión	Localidade	Televisión	Localidade
TV Arnoia	Arnoia	Televinte	Chantada
Cablevisión	Carballiño	Radio televisión Quiroga	Quiroga
Bemposta TV	Ourense	Localia Telulugo	Lugo
Ribeira Sacra TV	Ourense	Terra de Lemos	Monforte
Telemiño	Ourense	TV7 Monforte	Monforte
Canal 47	Ourense		

Fonte: elaboración propia

En canto á área de difusión, a maioría das televisións locais son de ámbito comarcal, seguidas das de ámbito municipal e escasos exemplos de televisións que abranguen toda a provincia, coma no caso de Telulugo en que as súas emisións abarcan toda a provincia.

### ANTIGÜIDADE

A primeira experiencia de emisora de televisión local en Galicia foi a Televisión de Narón que nace no ano 1984, comeza as súas emisións de forma regular no 1987 e se mantén ata agora con diferente denominación e propiedade. Hoxe, Localia Ferrol. Sen embargo, a primeira televisión local que sobreviviu invariable ata a actualidade dende o seu nacemento no

1987 (ano no que comeza as súas emisións en proba) e a partir do 1988 cunha programación regular, é a Televisión Municipal de Cerceda.

Pero, salvo algunha excepción, a maioría delas nacen entre os anos 1994-95, aínda que a comezos desta década cambiaran de propiedade.

### **CONCLUSIÓNS**

O panorama das televisións locais en Galicia, aínda incipiente, é indicativo de dúas tendencias: a fragilidade e inestabilidade das experiencias dos últimos anos e, ó mesmo tempo, a escaseza de medios humanos e técnicos para o desenvolvemento do traballo. Nos últimos 15 anos, rexistráronse un alto índice de desaparición, cambio de titularidade e concentración de emisoras en grupos de comunicación. Cómpre prestar especial atención ó caso do grupo Pretesa –coa marca comercial Localia- que estableceu convenio con varias emisoras de televisión local en toda a xeografía galega, axudando a consolidar as emisoras das principais cidades. Deste xeito, a experiencia da televisión local en Galicia é maioritariamente de capital privado (o 79%). Esta circunstancia provoca que a principal vía de financiamento sexa case exclusivamente a publicidade, agás unha pequena partida que provén do aluguer de equipamentos e produtos.

As emisoras que emiten hoxe caracterízanse pola limitación da súa programación – normalmente emiten unha media de 3 ou 4 horas diarias- e pola escaseza de produción propia (ningunha ten ingresos por venda de produtos audiovisuais propios), que impide a creación dun mercado de produción local.

En relación co persoal e equipamentos, os datos acadados indican que escasean os técnicos e explótase a figura do profesional polivalente, mentras que os recursos materiais son, en moitos casos, temporalmente alugados.

Na actualidade, emiten en Galicia un total de 28 emisoras con diferentes características y perspectivas de futuro, concentradas maioritariamente nas provincias de Coruña e Pontevedra. A súa distribución territorial responde á dispersión da poboación galega, non rexistrándose nun mesmo municipio máis de tres televisións. É chamativo o feito de que 4 concellos con menos de 10.000 habitantes teñan televisión local e, nembargantes, o 0 76,19% concellos con poboación superior a esa cifra non teñan.

En definitiva, o mapa das televisións que se está a debuxar carece aínda da estabilidade necesaria para o desenvolvemento do audiovisual local en tódalas súas facetas.



**ANEXO 1: CUESTIONARIO RADIOS E TELEVISIÓNS LOCAIS**

- 1.- Persoa de contacto: \_\_\_\_\_
- 2.- Nome da súa cadea/emisora (delegación): \_\_\_\_\_
- 3.- Audiencia diaria estimada: Nº de persoas \_\_\_\_\_ Share \_\_\_\_\_
- 4.- Ano de inicio da emisión \_\_\_\_\_
- 5.- Área de difusión. *Por favor, indique concello, comarca, provincia, comunidade autónoma ou estado* \_\_\_\_\_
- 6.- Empresa emisora ou propietaria: \_\_\_\_\_  
 Director: \_\_\_\_\_  
 Subdirector: \_\_\_\_\_
- Propietarios (Indíquese o %): \_\_\_\_\_
- 7.- Fórmulas de financiamento. *Indique a resposta ou respostas posibles co % que lle corresponde*  
 Publicidade \_\_\_\_\_ Venta de produtos \_\_\_\_\_ Aluguer material a terceiros \_\_\_\_\_  
 Subvención \_\_\_\_\_
- 8.- Indique o volume de negocio no último exercicio: \_\_\_\_\_ €
- 9.- Indique por favor os seguintes datos do cadro de persoal do seu medio:  
 Nº total de traballadores: \_\_\_\_\_

Ocupación	Nº persoas que se ocupan deste labor	Nº de materiais/equipos específicos de que dispón	Directivos	Nº
Redactor/ordenador			Director	
Cámara			Subdirector	
Montador/edición			Xerente	
Técnico de son/mesa			Consello de administración	
Tecn. Iluminación/foco			Consello asesor	
Locutor/estudio			Propietario	
Administrativo				
Comercial				
Realizador				
Productor				

- 10.- ¿Aadoita alugar ou contratar equipos/persoas?  
 SI \_\_\_ NON \_\_\_

Indique que tipo de equipos/persoal aluga principalmente

11.- ¿Posúen arquivo?

SI \_\_\_ NON \_\_\_

12.- ¿Cal é o seu público obxectivo?

13.- ¿Que obxectivos procura?

14.- ¿Como definen a súa liña editorial?

15.- ¿A súa empresa /institución/ asociación realiza outras actividades?

SI \_\_\_ NON \_\_\_

Por favor, indique cales

---

16.- ¿A súa emisora ten presenza en Internet?

SI \_\_\_ NON \_\_\_

Por favor, indique o enderezo URL

http://\_\_\_\_\_

Por favor, indique o enderezo de correo electrónico

---

Audiencia da súa edición electrónica

Nº. de visitas por día: \_\_\_\_\_

Nº. de páxinas visitadas por día: \_\_\_\_\_

¿Cada canto tempo se actualizan os contidos da súa edición electrónica?

---

*Engada, se cre conveniente, calquera comentario ou apreciación complementaria.*

## BIBLIOGRAFÍA

MARTINEZ HERMIDA, Marcelo, "A televisión local en Galicia, unha aproximación á comunidade de intereses e ás relacións medio-comunidade", en *Estudios de comunicación*, nº 0 (xuño 2001), páx.. 169-178.

*Revista Grial. O audiovisual galego*, nº 154, abril-maio-xuño, Vigo, 2002.

RODRÍGUEZ, Ana Isabel, *Os informativos nas televisións locais de Galicia*, Santiago de Compostela, 2001 (tese doutoral).

[www.usc.es/xorna/oda/investigacions.htm](http://www.usc.es/xorna/oda/investigacions.htm)

VILLANUEVA REY, Patricia, *Marcos e elementos para establecer as orixes das televisións locais en Galicia*, Trballo de investigación dirixido presentado na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela, 2001.

ROMÁN PORTAS, Mercedes, "Televisións locais de Galicia" en *Estudios de periodística*, n. 5 1997, p. 71-85

"Televisión local" en *Imagen & comunicación*, Coruña, maio 2000.

### PÁXINAS WEB

- [www.tvlocal.com](http://www.tvlocal.com)
- [www.telelugo.tv](http://www.telelugo.tv)
- [www.inicia.es/de/tvlocales/galicia](http://www.inicia.es/de/tvlocales/galicia)

### TV colaboradoras:

1. Localia Santiago
2. Localia Ferrol
3. Localia Pontevedra
4. Localia Vigo
5. Localia Coruña
6. Localia Telelugo
7. Televigo La 7
8. As Mariñas TV